

Normativa para o uso de dependencias da ETSE

(Aprobada por Xunta de Escola de 7 de xullo de 2005)

(Modificación Xunta de Escola 11 de outubro de 2012)

- 1.- As dependencias susceptibles de ser usadas para a organización de actividades son as Aulas de Informática, Aulas de teoría, Laboratorios de Prácticas, Planta Piloto e Salón de Actos.
- 2.- As actividades preferenciais son as de tipo formativo ou de divulgación de temas científicos ou tecnolóxicos. Tamén poden proporse todo tipo de actividades sempre que sexan legais, que non resulten ofensivas para persoas ou que inciten á violencia. Non son obxecto desta normativa o desenvolvemento de actividades académicas reguladas.
- 3.- Poderán solicitar as dependencias da ETSE:
 - a) Persoal Docente e Investigador e PAS da USC
 - b) Representantes de alumnos na Xunta de Escola, Delegados ou subdelegados de curso da ETSE ou representantes de Asociacións de estudantes recoñecidas pola USC.
 - c) Persoas ou institucións alleas á USC.
- 4.- O(s) solicitante (s) fará(n) a súa petición en impreso normalizado, indicando calendario e obxecto da actividade, indicando expresamente as posibles perturbacións que poidera producir sobre as actividades docentes . Dita solicitude atopase na páxina web da Escola no apartado formularios: “Infraestructuras: solicitude de cesión de espazos da ETSE”
- 5.- O solicitante, en nome propio ou da asociación ou institución que representa, faráse responsable dos contidos da actividade e, no seu caso, dos danos ás instalacións.
- 6.- A Dirección da ETSE comunicará o(s) solicitante(s) a aprobación ou non da actividade e as condicións de uso das instalacións, motivando, no seu caso, as razóns da denegación.
- 7.- A cesión temporal das instalacións da ETSE para a realización de actividades leva asociado o pago dun canon, tal como está regulamentado pola USC na “Normativa para a xestión temporal de uso dos espazos para a celebración de actividades extraacadémicas na USC” aprobada en Consello de Goberno do 21 de decembro de 2009.